

PROCEDENCIA: ARQUITECTO MUNICIPAL

DESTINO: CONCELLERÍA DE OBRAS

ASUNTO: OBRAS DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL”. INFORME ACLARACIÓN

En relación coa petición de informe de aclaración por parte do Negociado de Contratación de data 04/07/2023 relativo ao “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL”, infórmase do seguinte:

O proxecto foi redactado polo arquitecto Ramón Montero Cereijo en xaneiro de 2021 e contempla a realización das obras de acondicionamento e de ampliación da edificación para a incorporación dun aparello elevador ao edificio municipal da antiga escola unitaria de Mandiá, actualmente local social da Asociación de Veciños do barrio (DOC-42).

PRIMEIRO. Examinado o documento do “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN APARELLO ELEVADOR NO EDIFICIO MUNICIPAL DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MANDIÁ, FERROL”, infórmase que as obras recollidas no devandito proxecto, consisten segundo consta na memoria do proxecto en:

- Realización das obras necesarias de acondicionamento e ampliación do local social mediante a construción dun novo corpo anexo á edificación orixinal para a instalación dun aparello elevador accesible no edificio municipal da AA VV de Mandiá (DOC-42), e así poder resolver o problema actual de accesibilidade ao primeiro andar do edificio.

SEGUNDO. A edificación atópase situada sobre un solo clasificado como equipamento de uso docente en solo rústico común, sendo de aplicación a ordenanza 19 e o artigo 118 do PXOM. Conforme ao especificado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia e no Decreto 143/2016 de 22 de setembro, que aproba o Regulamento que a desenvolve, en solo rústico é de aplicación a Lei do solo de Galicia. O proxecto cumpre os correspondentes artigos que lle son de aplicación.

A parcela sobre a que se sitúa o proxecto está dentro da zona de servidumes aeronáuticas do aeroporto de A Coruña, de acordo ao indicado no RD 374/1996, de 23 de febreiro, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas establecidas no aeroporto de A Coruña. Dado que non se incrementa o volume en altura da edificación orixinal, enténdese que non é necesario informe favorable de AESA. Aínda por esta circunstancia, para unha maior seguridade xurídica, o proxecto foi enviado a informe de AESA, que resolveu o seguinte:

*“ **AUTORIZAR** la construcción del ascensor en el edificio municipal existente y el uso de la grúa móvil.*

CONDICIONADO A

No superar los valores de altura y elevación indicados en las tablas anteriores para el ascensor y para la grúa móvil, incluidos todos sus elementos o cualquier añadido sobre los mismos.

Si es necesaria la utilización de otros medios auxiliares que superen la altura y elevación autorizadas, deberá



solicítase la correspondiente autorización de forma previa y preceptiva a su instalación, haciendo referencia a este expediente.”

Atendendo a resolución de AESA ao respecto de data 14/12/2021, indícase que a altura máxima da cuberta do aparello elevador é de 8 m. e que o guindastre, non excederá a altura de 10 m como recolle o proxecto técnico. Polo que se informa que o proxecto técnico se adecúa as condicións da autorización de AESA de data 14/12/2021.

SEGUNDO. En relación ao CPV recollido no informe adxunto ao PPT, asinado con data 10/02/2022, que é:

45000000-7 Traballos de construción (PRINCIPAL)

45260000-7 Traballos de cuberta e outros traballos de construción especializados

Pode incorporarse tamén ao informe o CPV 45313100-Instalación de ascensor, pero non pode ser este o único CPV, dado que a instalación do aparello elevador non é o único obxecto da obra, dado que hai que realizar unha obra civil de acomodación do edificio e ampliación de este para ubicar o novo aparello elevador.

O mesmo sucede coa clasificación, cuxo obxecto non é unicamente unha instalación mecánica, dado que hai que executar a maiores da propia instalación mecánica do aparello elevador, unha obra de ampliación e de modificación do edificio para aloxar o novo aparello elevador. Polo que se entende, dende o punto de vista do técnico informante que a clasificación correcta é Grupo C, Subgrupo 4, Categoría 1

O que se informa aos efectos oportunos.

Ferrol, na data da sinatura dixital

O ARQUITECTO MUNICIPAL
FELIPE COTOVAD MARTÍNEZ